

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.
Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Número 44

A CRUÑA 30 DE XANEIRO DE 1918

COMO FALAN DE NÓS FORA

UNHAS LIÑAS ELOCUENTES

NO importante boletín *El Progreso* de Benavente (Zamora) atopamos o seguinte artigo, debido á brillante pruma do siñore D. César Escudero, irman do noso querido e distinto correlixionario D. Alonso, artigo que, pol-o soio feito de sere obra d'un castelán, ten pra nós fondísimo intrés. Agora xusguen nosos leutores e contrasten as verbes elocuentes do articulista coas arroutadas de moitos rexionalistas d'*aluvión* que por eiquí padecemos. Di eisí o artigo en custión:

Rexionalismo galego.

E Galicia, dempois das Vascongadas e Cataluña, a rexión d'España que con maior entusiasmo labora pol-o trunfo do Rexionalismo.

Non foi mester eiquí, como acaso alguns creen, a cooperazón dos cataláns pra donar forte impulso a tan magna obra. Impúxoo a noxenta necesidade da loita, d'unha loita tenaz e sinceira fronte ó cruel e infame cacique, cuia vida alimentan tutorías dos gobernos, en colaborazón inmediata coa inconscenza e o abandono de todos. ¿Podería dárese, sinón, a escandalosa realidade d'un trabuco de vergoña social, cuias características retrotraénnos á época do Feudalismo?

Os caciques —dícese— son feitura dos gobernos, e en eles afinca todo o seu poder. Certo. O Poder Central, acaparador máisimo dos dereitos cibdadans, apoia en todo momento ó cacique, e iste, pra cumpríre os seus fins como tal, ten de vivíre cando menos unha situación económica desafogada, pois sin este valioso recurso, a súa autuazón na comedia política, non podería gozare tampouco do favor dos d'enriba.

Agora ben; aínda coutando con tan poderosos elementos, non se resigna Galicia a soportare por mais tempo o infamante vasallaxe d'escrava a que se lle tivo suxeta deic'agora. Arela sere ceibe na súa esfeira, mais respetando sempre aqueles principios de carauter colectivo qu'a unan. á mutua comenza coas demais rexións.

Decía Pi Margall, qu'os pobos deben de sere donos de si mesmos, e ampriaba o seu

craro xucio, cós seguintes razonamentos: «¿Qué tiña d'importare que'iquí na España recobran a súa autonomía Cataluña, Aragón, Valencia, Murcia, Andalucía, Eistrema-

OS NÓSOS MORTOS MANDAN...

DE ROSALÍA CASTRO

Vexo contigo estes ceos,
Vexo estas brancas auras,
Vexo estes campos fridos
Onde s'arrulan as pombas,
I-estas montañas xigantes
Que aló cas nubes se tocan
Cubertas de verdes pinos
E de froliñas cheirosas.
Vexo esta terra bendita
Ond'o ben de Dios rebosa
E donde anxiños fermosos
Tecen brillantes coroas.
Mais ¡ai! Como tamén vexo
Pasar macilentas sombras
Grilos de ferro arrastrando
Antre sorrisas de mofa,
Anque mimosa gaitiña
Toque alborada de groria,
*Eu podo decirche:
Non canta, que chora*

¡Probe Galicia! Non debes
Chamarte nunca española
Que España de tí s'olvida
Cando eres ¡ai! tan fermosa.
Cal si na infamia naceras,
Torpe de tí s'avergonza;
I a nai qu'un fillo despreza,
Nai sin corazón se noma.
Ninguén porque te levantes
Ch'alarga a man bondadosa;
Ninguén teus prantos enxuga
Y homilde choras e choras.
Galicia, tí non tes patria,
Ti vives no mundo soia,
I-a prole fecunda túa
S'espalla en errantes hordas,
Mentras triste e solitaria,
Tendida na verde alfombra
Ó mar esperanzas pides,
De Dios a esperanza imploras
Por eso, anque en son de festa
Alegre a gaitiña s'oya

*Eu podo decirche:
Non canta que chora.*

dura, Galicia, León, Asturias, as provincias Vascongadas, Navarra, as duas Castelas e as illas Canarias, si estonces como agora tería d'unilas un poder central, armado, da forza necesaria pra defendere contra propios e estranos a integridade do territorio, sostel ó orde cando non abondasen a tanto os novos Estados, decidil as custións qu'antre istos surxisen e garantire a libertade dos individuos?...

A nazon continuaría sendo a mesma. ¿E qué ventaxas non resultarían do troque?

Ceibe o poder central de toda intervenzón na vida interior das provincias e os municipios, podería seguire atentamente a política dos demais pobos e desenvolver con mais acerto a propia, sentir mellor a nazon, e donarlle mellores condizóns de vida, organizar con mais economía os servicios, e desenvolver os grandes intreses da navegación e o comercio; ceibes pol-a súa parte as provincias da soma e a tutela do Estado, peccurarían o rápido desenvolvemento de todol-os seus xérmens de prosperidade e de riqueza: a agricultura, a industria, o troque, a propiedade, o traballo, o insiño, a moralidade, a xusticia. ¡Canta verdade encerran tan fermosas consideirazóns! Son sabias enseñanzas do pasado, que convén s'apriquen ó presente. Porqu'é alrritante, ausurdo, qu'a soberana vountade dos pobos tolere o aldraxe de sere sometida, brutalmente sometida, soio pra servíre particulares intreses. Non autorizan as leises do Estado na súa lexislación semellante asoballamento, mais cométese co-anuenza dos chamados a impedilo. ¿Qué faguer estonces? Procama-la rebeldía isto é, eisixir o respeto ó dereito, e gozardas leises por partes iguales.

Afortunadamente a opinión reaciona, y-é na actualidade preocupazón constante, a creazón d'orgaismos capaces de donarlle forma practica, ó que constituie febril arela d'iste sufrido país: facultade pra rexírese con autonomía. Pol-o de pronto, eisisten xa numerosos boletís que defenden o credo rexionalista, esqurtos en galego uns, en castelán e galego outros, e moi axiña, según s'asegura, ollará a lus púbrica na Cruña un xornal, importantísimo, o cal refrexará a ispirazón do rexionalismo galego na súa fase mais ergueita, pro dentro, iso si. do mais agarimoso amor hacia a nosa gran nai España.

E eisí como faise patria. ¡Oxalá todol-os españoles decidíramonos a pôr a proba, deixando persoales ideialismos a unha beira, o comenzo da Nazionalidade española, derriba de base d'un réximen francamente federativo, ó xeito de Suiza, Estados- Unidos de Norte América ou Alemania! Galicia dende logo fai causa común coas suas irmans as Vascongadas e Cataluña. ¿Permanecerá allea a iste movemento a miña querida Castela?

¿Seguirá tolerando o asoballamento fatal do centralismo? A historia do seu carauter negao terminantemente, e os feitos marcarán de novo qu'é dina nai dos comuneiros Padilla, Bravo e Maldonado.

CÉSAR ESCUDERO LÓPEZ.

ANTON VALCÁRCEL, CANDIDATO

A «Irmandade Rexionalista Galega» acordou presentar candidato á diputación a Cortes pol-a Cruña a Antón Valcárcel.

Pareznos un gran acerto ista disinación. Valcárcel, segundo Conselleiro da «Irmandade da Fala» cruñesa, é un dos rapaces máis serios, de millor senso e da maior cultura de Galicia.

Valcárcel nunca foi político. Xornalista, amostrou en moitas follas imprentadas o que val. Abogado, é dono de gaandes coñecimentos xurídicos. Poeta, axiña publicará un libro de versos galegos e casteláns con prólogo de D. Marcelo Macías. E coma segredario da Cámara de Comercio da Cruña, puido faguer decatáranse a cantos a sua veira traballan, que é un verdadeiro mestre en custións de xeito económico. Tamén domina varios idiomas. Dixérase ben que é o tipo do inteleutual por dereito propio, que sabe en conferencias cheas d'amenidade espoñer os problemas máis abstrusos.

É o espírito de Anton Valcárcel un espírito de xeito europeo, cal hai poucos na nosa terra e aínda en tod'a España.

Tendo crências relixiosas enraizadas fai da tolerancia un culto rexo, e acaba sendo políticamente, e aínda máis socialmente, un isquerdista do xeito dos ingleses.

Valcárcel é un dos homes que nos momentos de renovación xurden pra impoñerense nos pobos civilizados.

É Valcárcel, enxebre, porque é home moderno; Valcárcel home ben educado, simpático, poeta e economista, sociólogo e humanista, libre d'enxexas e cheo d'amores outos, con grandes simpatías antr'as crases produtoras, concededor concenzudo dos máis vitás problemas galegos, merece coma poucos representar a Galicia no Parlamento.

Con fondo entusiasmo terá que sere acolida na Cruña, com'o foi antr'os nosos amigos de toda Galicia e no seo da «Irmandade Rexionalista Galega» a sua candidatura.

O nome de Valcárcel pode sere bandeira pra todol-os cidadans honrados, contra do caciquismo asoballante e vergoñoso da circunscrición cruñesa.

MAIS VERBES SOBOR DA LINGOA

CON un receio fondo e manifesto ollan todol-os rexionalistas d'*aluvión*, qu'agora destapáronsenos, a autuazón das Irmandades da Fala. Inda mellor que con receio puidéramos decir, cicais, con xorda e baixa xenreira, xenreira que, si non s'amostra craramente, é pol-a sinxela razón de que tales labercos, os seudo-rexionalistas, háchanse embozados a cotío n-unha cobardía ruín qu'é o *factotum* das suas autuazóns. A causa determinante de tal cobarde e baixa xenreira a ninguén pode fuxírselle. Ela é

sucede nos rexionalistas d'*aluvión*—de qu'o rubir progresivo do chan patrio, da patria verdadeira, da chamada pol-os desleigados patria chica, poida tragner consigo a debilitazón da hexemonía e da fortaleza d'outras terras eistranas e alleas, coas que, no caso noso por exemplo, hai tantas contas pendentes de cobro e tantos asoballamentos e aldraxes que vingare...

E isto relativo ó linguaxe que ninguén pode negare, que ten todol-os cariteres d'unha verdade inconcusa, que s'hacha confirmado por moitos e moi variados feitos históricos, pertendendo desbotalo veñen a donarle confirmazón, coas suas arroutadas, os labercos, os desleigados, os traidores, todos aqueles que, n-unha verbe, a todol-os ideiales souperon asomar a sua cativa e rastreira personalidade, ollando soio ó seu propio medro e á satisfazón das suas insanas concupiscenzas.

A língua, velái a preocupazón mais grande d'ista xentuzza despreciabel. Ela, e soio ela, seguirá separando ós *bos e xenerosos* dos *imbéciles e escuros*. Por ela os campos atoparánse sempre perfectamente deslindados e o contaxio da laberqueria non chegará endexamais a nos, inda que pra cazar incautos, os canallescos labercos, s'amos-tren como atafegados n-unhos inútiles *estudios galegos*, entramentras se cubren cõ manto d'un rexionalismo valdeiro e cursi pra fagueren mais encuberta a sua maniobra.

XAN QUINTO.

Nacer con sorte

Ni-o brabo mariscal Pardo de Cela, da Libertade loitador temido, nin Xan Rodríguez en Padrón nacido ni-o enxebre Tío Marcos da Portela,

ni-o Vasco que «da unha á outra arela do Miño foi un ponte» ben tendido, (1) nin Macías, o vate delorido, nin Conceución, na sabedencia estrela,

nin outros tan goriosos, ant'os cales Galicia, nai ingrata, non s'encrina, recadaron renome e sona tales,

com'os da coterranea Carolina Outeiro, qu'en Paris ten pedestales por moza do partido e beilarina.

AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS.

(1) Vasco Perez Mariño.

tan crara e manifesta qu'a sua craridade aínda ós mais cegos alumea.

Natural parece qu'o forte e fondo amor á terra, qu'a verbe *rexionalista* leva impricitamente contido, teña como consecuencia inmediata, como secuela natural o outo amor a total-as cousas que da terra saíron como resultado d'aquela rexa irmandade qu'antre terra e home hai estabrecida. Mais antre todas aquelas cousas, e certamente n-un prano mais ergueito, háchase o idioma, pirmeira e mais compreta manifestazón d'unha personalidade nazonal, suprema eispreisión do dereito d'un pobo a sere ceibe, algo en fin de tal importancia—trátase da yalma, da espiritualidade d'un país—qu'adoito foi e seguirá sendo a preocupazón constante dos bos patriotas, dos que verdadeiramente souperon e saben querer á patria, arelando pra ela un pirmeiro lugar sin pensar nin preocuparse endexamais—cal

Comenzou a publicarse en Vilagarcía un novo xornal rexionalista, axeitado á nosa doutrina. Noméase *Heraldo de Arosa*. Está moi ben feito e arremete contra Besada no seu propio feudo. Síñales dos tempos que son chegados. En troques, finouse o orgo do gran cacique Bugallal *Diario de Orense*. Fai menos de dous anos que xurdimos na loita e xa temos xornás en moitos pobos: un. en Lugo; outro, n'Ourense; outro, en Compostela; outro, en Pontevedra; outro, na Cruña, e outro agora en Vilagarcía. Isto sin contarmos os semanás e quinzenaes.

¿Imos ou non camiño do trunfo? Pois'inda non abundando isto espállanse follas e folletos; e fanse mitis e conferencias e organízanse centros d'estudios galegos.

¡Terra a nosa!

UN DIS FUNDADORES DA IRMANDADE

ELADIO OVIEDO ARCE

CHEOS de doer escribimos istas liñas. Son liñas bretemosas porque son liñas feitas co corazón magoadado e salayante.

Ha unha nova baixa nas nosas filas. Pro unha baixa das que deixan para sempre un hoc que soio con lembranzas garimosas poderase disimulare.

Referímonos a Eladio Oviedo Arce. ¿Pra qué falar dos seus merecimentos? Son coecidos d'abondo. Iste ilustre archiveiro, iste gran arqueólogo, iste admirabile epigrafista que conquirira antr'os homes cultos de España un xusto renome cimentado sobr'o seu traballo, ten ben ganados os loureiros da posteridade.

Pro Eladio Oviedo Arce, ademais d'un erudito e un sabio, tiña a virtude por excelencia: a da enxebreza. Oviedo Arce era un enxebre de corpo enteiro. Quería a Galicia como a unha nai.

Foi dos fundadores da «Irmandade da Fala» da Cruña. Foi un dos padriños da nosa patriótica institución. Na xunta xeneral constituente da «Irmandade» como logo n'outras xuntanzas, ilustrounos moitas veces c'as suas verbes quentes cheas d'autoridade.

¡E Oviedo Arce inda era novo! Pro a morte non respeta nin a novos nin a vellos. Que si agora levounos a iste ilustre archiveiro, denantes levounos a un rapaciño que si non dera froitos groriosos coma Oviedo Arce, era unha esperanza sinxela: Anton Chao. ¡Dous fundadores da nosa santa «Irmandade» que xa dormen o derradeiro sono na terra fría do campo dos mortos! ¡Dous fundadores que nos deixaron para sempre, cando non levamos ainda dous anos de vidal

Oviedo Arce era correspondente da Real Academia da Historia; era tamen membro de número da Academia Galega.

Nós, ô chorar a sua morte, enviámoslle o sentimento da nosa pena a Academia Galega e a familia do insine e enxebre Oviedo Arce.

¡Probe Eladio! ¡Glorioso mestre! No seo da «Irmandade da Fala» da Cruña, seguirá latexando sempre o teu espírito. Non esqueceremos endexamais tua lembranza.

No local da «Irmandade da Fala»—antigo lugare do Cinema Salón Coruña—, nosos bôs irmans e doctos catedráticos Viqueira, e Porteiro, darán unha conferencia cada un, o pirmeiro o sábado día 2, e o segundo, o domingo 3, de noite, e ás horas de costume.

Por sel-a pirmeira que nos dará Viqueira, e conecer a fondo as de Porteiro, demais istá o decire qu'hai moita espeitazón por ouvir á amos.

PINTORES D'ALMAS

Madariaga


Nos místecos arroubos do seu Amor divino hai fe de santidadade y-hai ritmos d'oración como hai nas carnes mornas do seu Amor profano trunfar de bicos quentes, poemas de pasión

e tépedos deseos
dos anos en sazón.
Co meigo podeirío
da sua inspiración

o mármore insensibre tén músculos e nervos, tén penas y-alegrías. tén alma e corazón, y-a pedra faise senso, y-o barro faise carne, y-o bronce tén asombros de vida e d'espresión.

* * *

Él pón lostregos d'arte fecundo e lumioso nas suas esculturas de nobre maxestá, e sabe vel-os mundos d'espréndida grandeza que pasan e pasaron pol-a Alma castelá,



de cote cravuñada
pol-o tempo y-a edá
na forxa dos riverses
e da serenidá.

Non é escultor de corpos. El é escultor das almas, que afonda entr'os misterios da sensibilidade, e esculca os sentimentos, e estudia as aitudes, e chega hastr'as entranas da santa Inxenuidá.

* * *

A gloria do seu arte préstalle folgo ô bronce que sofre e cala e chora n'un pasmo do Delor, e sinte os infertunios como si os padecese, e mesmo quer layarse desfeito en amargor...

¡Forza baril da maxia
d'ese poder creador
que fai tales milagres
e ofrece tal primor!...

Os meigos agarimos da vella Alma gallega agardan verse axiña n'un día redentor... que a nosa raza esgrevia tamén é merecente de dar ô arte de l'ídias un pouco d'esprenzor.

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

A nosa causa

NOS beizos de todos, está hoxe a verba rexionalismo e non como mofa senon pra faguer discusión sobr'as bondades, ventaxas, é moralidades d'esta santa causa vai d'un a outros.

Os homes d'a nosa inteleutualidade pónense ô noso lado con us deseios de renovazón, que mesmo da xenio ouir as valentes verbas alentadoras pra que os galegos limpos de corazón, loiten con esa seguridade que dan os ideás nobres.

Os que inda choupan no zurro d'a esterqueira que deixaron os políticos tronizados, din que as «Irmandades da Fala» estan compostas de rapaces que están entre os 15 a 22 anos da sua idade, e que na proisima loita *votos* son trunfos. E certo todo esto pro non soilo son esas xuventudes as que figuran ô noso lado, son homes que non quixeran figurar n'ese amaño, que levou a probeza ôs pobos, son os que adicaron o mellor tempo da sua xuventú baril ô estudo das cousas da nosa rexión, son aqueles, que verdadeiros místicos, alexáronse d'esa podre que os abafaba, d'eses que sentían noxo d'as anormalidades de que estaba sementada a nazón, son en fin aqueles que o ouir as limpas notas d'a trompeta d'a Fama, despertaron erguéndose cando brilaba o focuño d'a nosa interrogazón.

Esas xuventudes que non poden por hoxe facer valer os seus dereitos cibdadás, é a semente que dará o froito de que tan necesitada está a nosa Galicia, froito que será de bon proveito pró seu espírito. Teñen unha grande ventaxa. Nós non lles insinamos a odiar a ninguén, nós, solo lles insinamos a votar unha man a todos os que ainda están remexendo n'esa lameira fedente en que s'afogan os seus corpos, dos que ainda non recibiron na sua alma a podre que poidera lixelos.

O noso ideal, non é de aspiracións egoísticas, o noso ideal é unha relixión na que se insiña a amar ô noso chan sobre total as cousas.

Chegarán as loitas nos distritos e si algunha forza lles quedara ôs perdoá vidas, xa chegarán os tempos que cantou o poeta.

B. VARELA.

Galegos:

Si queredes amostar que sentides arelas redentoras pol-a vosa terra, axudade no qu'é perciso á «Irmandade rexionalista galega.»

DIANTE D'UNHA SALVAXADA

OUTRA E VAN...

OU someterse ou morrer, tal é o dilema pranteado pol-os criados dos caciques máisimos, nos seus feudos, ós homes honrados, ós limpos de corazón e de concenza, ós que non se aveñen a sufrir as súas imposicións salvaxes. E iste dilema de xeito africano, revelador d'unha verdadeira persoalidade presidiable en quen o ten como norma da súa autuazón e da súa conducta, ven a sere algo que decote háchase no ambiente galego, algo de xeito apocalíptico e ameazador que, derriba das testas dos homes honrados e pol-o mesmo non transixentes cós crimes e os ladroicios dos tirans, cérnese a cotío, cal si d'unha nova espada de Damocles trátárase.

Istas considerazóns occurríronsenos ó recibir a nova do atentado salvaxe de que foi vítima un redactor do valente semanario *El Tea* de Pontevedra, semanario que, antre outros moitos méritos, ten pra nós o inapreciable de sere un rexo loitador e un enemigo irreconciliabile do noxento e despreciabel cacique Bugallal. A villana agresión foi, como non podía sere menos, pol-a espalda e a treizón, según o nomeado boletín dí, e a *groria* d'ela correspóndelle por enteiro a un d'ises señoritos ruraes d'andorxa chea e cráneo valeiro, pr'ós que a mais outa arela é a de chegaren axiña a lamecús d'un d'istos modernos señores de forza e coitelo. Causas da agresión? non hai por que nomealas, foron as de sempre, aquelas que, día trais día, a cotío, foron creando en Galicia un estado d'escravitude no que os instintos criminales e asoballadores d'unha minoría d'homes cativos validos do apoio que desde as cibdades lles donen os seus amos, os grandes caciques, foron convertindo ós homes en servos sin outra vountade qu'a do señor de vidas e facendas, unhas veces segredario, outras xues municipal, outras crego, médico ou calquer outra cousa, pois de todo hai n-isa fauna noxenta que se chama o caciquismo galego.

O lér feitos como iste que apuntado deixamos a indiazón e a carraxe mais grandes abalan o noso espírito, e cheos de xenreira pensamos qu'os tempos son chegados e que con eles acércase a hora da liberazón e da xusticia, hora na que, ó desmorosearse o edificio da vella política pol-o destrozamento dos vellos partidos históricos qu'eran os seus sillares, ficarán esmagados pra endexamais aqueles figurós—os Besadas, Bugallales, Gassets, Riestras etc.—qu'en tales partidos e en tal réximen atopaban o zume qu'os sustentaba donándolles vida. I-eisí

d'iste xeito, ó desapareceren as cabezas con elas desapareceran tamén os pes, que non outra cousa son os labercos que directamente s'enxerguen cõ pobo e que tan a miudo dan lugar a salvaxadas cal a que n-istas liñas condenamos e lamentamos.

Pol-o demais, seipan os nosos compañeiros de loita de *El Tea* que pra todo estamos á súa beira, com'o estaremos á de todos aqueles que sin esmorecimentos loitan por facer da nosa Galicia unha patria ceibe e redenta, dona de sí mesma, cal nós queremos.

Pensádeo ben...

Cando un home está baixo os pés d'outro mais forte, que o ten asoballado, ¿non fai ben en acetare a axuda do transeunte que ll'a ofrezca sin perguntarlle si pensa d'unha maneira ou d'outra, si é plutocrata ou radical?

Pois iste é, díaselle as voltas que se queira, o caso de Cataluña respeito a Galicia.

Cataluña, axúlanos a desbotare o caciquismo salvaxe que ten esmagada antr'as suas poutas a débil cidadanía do noso pobo.

Logo, Galicia, drento do seu chan fará o que millor lle pete.

Os catalás, plutócratas ou non, axudarán o mesmo ós radicás que ós conservadores; a cantos en xusticia pidan o seu apoio, pra loitaren contra do caciquismo bárbaro dos partidos do turno.

E quen go non sendo escravo, parvo ou canalla, podera rifar n'iste preito c'os catalás?

Iles non preguntan a ninguén os ideás que profesa pra axudalo.

¿Quén ofercéu endexamais un apoio somellante?

Terán, pois, unha fonda responsabilidade os que non axuden ós rexionalistas n'ista ocasión. Farán un crime quenes rifen c'o iles ou os combatan.

E nós, os rexionalistas, seremos merecentes do desprezo dos homes de ben si defraudamol-a confianza que pedimos ó pobo e o pobo darános.

O TEATRO GALEGO

EN Compostela rindíuselle culto estes tempos ó noso idioma e ó noso teatro. Non fono literatos profesionás quenes acenderon o fogo sagro no altar da Thalia enxebre. Foron un intelixente comerciante e un talentoso zapateiro.

Ricardo Frade Giraldez—iste é o nome do comerciante—fai poucas datas estreou con bõ suceso no «Círculo Mercantil» de Compostela un drama galego en prosa chamado *O Rei da Carballeira*. As gabanzas que recolleu, mostra do mérito da súa obra, teñen que servirle d'estímolo pra empresas mais outas.

Derradeiramente tivo *reprise* no teatro compostelán aquel drama. E no teatro abrangueu as mesmas gabanzas que no «Círculo Mercantil.»

Pro o éisito maor, verdadeiro acontecemento literario pol-o que é, mais pol-o que significa, foi o conquerido por Jesus San Lois Romeu c'o estreno no mesmo teatro santiagués, do seu drama galego en verso nomeado *O Fidalgo*.

Iste drama ten dous momentos de fondonísima emoción: A despedida d'un vello petrucio diante d'un cruceiro—escea publicada por nós xa fai tempo—e as reflesións do mesmo petrucio ó remate da obra, logo que lle da morte ó cacique. Son dous momentos que parecen maxinados por un mestre en dramaturxia.

A aución discorre en Carballo—un medio caciquil de primeiro orde—e no porto da Cruña. Hai detalles d'ouservación refrexo do vivire aldeán e da laberquería política—un xucio no xuzgado municipal, por exemplo,—que son mesmamente a realidade.

Axiña estrenarase iste drama na Cruña. Quizais na data do 3 do mes de Febreiro próisimo. E estrenarase coma Deus manda: con decoraciós pintadas pol-o gran artista Xan Lois.

Estonces será o momento de loubar com'o merece o talento d'iste zapateiro compostelán capaz de faguer obras teatrás mais cheas d'emoción e de vida—porque son a vida mesma—que as de moitos que coidan as xentes xa consagrados.

Agardamos con moita curiosidade o estreno na Cruña d'*O Fidalgo*.

Frade Giraldez e San Lois Romeu, fono agasallados con xantares pol-os seus trufos no pobo de Compostela.

Pra entrambos nosa embora.

* * *

O teatro galego vai tendo afortunados cultivadores. Hai que axudalos. E adeprender dos de Compostela: aló os aficionados representan con entusiasmo as obras dos seus viciños,

Eiquí, en troques, as obras de Lúgrís, de Carré e outros, siguen sin tere quen as represente. E isto é unha pena.

LEMBRÁNDONOS DO P. COBOS

Instituto d' estudos sin estudos

PICORETE, fala d'imitaciós e il non fai mais que imitare. Logo que os galeguistas fixémol-a «semana galega» en Barcelona, anunciou il outra «semana galega» no «Circo d'Artesanos.» Agora fala d'un «Instituto d'Estudios Galegos.» E eisi chámase o de Cataluña; e «Estudios Galegos» a seición feita por Aurelio Ribalta no Ateneo de Madrid. É, por si algo fallara, lembrarás o leitor de que, díxose ó seu tempo, que na «Irmandade da Fala» da Cruña fai un ano que ven funcionando un «Laboratorio d'estudios galegos», no que traballan a cotío moitos rapaces: Laboratorio ou *bureau* que axiña, saindo da modestia na que deica agora estivo, conseguirá grande importancia. Quere a «Irmandade da Fala» que chegue a ter en Galicia a mesma autoridade e prestixio que n'Inglaterra abrangueu a Sociadá Fabiana. E cousa que propónse nosa «Irmandade» lógra sempre. Leva inda non dous anos de vida, e Galicia enteira comenza a erguérese. Milagre d'abnegación, de sacrificio, de fe, de tenacidade e de traballo.

Mais volvendo a Picorete. ¿Ten dereito a servirse do «Circo d'Artesanos» pra plataforma das suas cobizas ridículas? Poden consentire os socios que se convirta aquela sociedade en tribuna d'unha bandeira partidista, que lembra un feto en alcohol? Picorete, non vos colla dúbida, levará ó «Circo» a ruína. Toda reeleición que se repita mais de dúas veces, trai xermes de morte.

CADRO BRANCO

O catedrático de Dereito civil na Universidade compostelán, Sr. Bonilla, home de moito talento e verdadeiro namorado da nosa terra, organizou un Centro d'Estudios de Dereito civil galego, c'o fin de colleitar as numerosas costumes e prácticas xurídicas da nosa rexión pra podere chegar ó mais perfecto coñecemento do rico dereito consuetudinario.

O Sr. Bonilla, pide a cantos seipan d'istas cousas, axúdenlle na outa labore. Todo bó galego que coneza algo dos ditos costumes e prácticas ten obriga de dirixirse a il.

O Sr. Bonilla é andalús. E un andalús ven a donarlles unha triste leizón a moitos que chamándose catedráticos galegos, somente son galegos por seren nados en Galicia.

Sr. Bonilla, unha aperta ateigada de gratitude agarimosa.

Xa era chegado o tempo de que escomenzase a ser galega a Universidade de Galicia.

E na Cruña hai moitos reeleccionismos que son causa de grandes doenzas colectivas. O reeleccionismo esaxerado trócase en molde d'oligarquías.

Agora ben, ¿pódense chamar unhas catro ou cinco conferencias, Instituto d'Estudios Galegos? Home, non amoquen. Un Instituto supón traballo a cotío; non falar unha hora, pra logo esquecerese de todo.

* *

Picorete, cada vez mais cursi, chamoulle a Oviedo Arce *palentólogo*. ¡Eche boa, abofé!

García Ramos, fixo un discurso pedante, gongorino, que ridiculizou o *Noroeste* con moita gracia. Tivo varios erros históricos, varias contradicións. Falando de Pardo Cela, ceibou unha parvada, que demostraremos n'outro número. Confunden o Verbo divino co'a palabra, deducíndose de tal burrada que, xa se falaba denantes d'eisistire o home.

Martínez Morás, baixo o peso aprastante d'unha erudición fría, d'unha peza, solfeou monocordemente, com'un pastor protestante, a letra d'unhas cuartillas.

E... ¿Barcia Cabaleiro? Isto merece capítulo novo.

Un fiasco as conferencias de Picorete. Na de García, estivo mediado de xente o salón do «Circo». Na de Martínez, coase valeiro...

* *

Invitaron ó noso distinto irmán Viqueira pra unha conferencia, e Viqueira dixo que samente a daría en galego. Logo, convencido do fin que persigue—¡infelis!—Picorete, negouse a dala nin en galego nin en castelán.

Rof Codina, tamén negouse a faguer d'instrumento d'un probe megalómano de 60 anos.

E Cabeza León, que con Brañas fundara o partido rexionalista que pode chamarse histórico; Cabeza León, noso querido mestre, cuio nome é toda unha bandeira prestixiosa, logo de estare anunciado no cadro de conferenciantes, tivo que sere trocado por... un morto resucitado: por Barcia Cabaleiro.

Eloy L. André, tamén negouse a colaborar en picoretadas.

¿E iso é un Instituto d'Estudios Galegos?

* *

Ollade agora o palmetazo que Aurelio Ribalta iste galego enxebre, culto, admirabile, lle dirixiu a Picorete.

CADRO MOURO

O Ideal Gallego da Cruña, xornal que chámase rexionalista, fai poucas datas falando do candidato maurista que loitará en Ordes nas próximas eleccións, tivo unhas verbes de defensa pr'ó gasetismo noxento que conquireu os supremos loureiros en Nebra.

E un escarnio pr'a Terra que se chame Ideal Gallego un xornal de somellante xeito. ¿Ise é o rexionalismo dos do «Circo d'Artesanos»? A falar craro e fora caretas.

Tamén o Correo Gallego do Ferrol merece o noso desprezo. Faise defensor do besadista Wais, cando por mor de Wais non se persentou nas Cortes o «voto particular» do ferrocarril da Costa, aquíl notabre documento feito por Rodrigo Sanz. ¿Por mor de Wais? Si, por mor de Wais e por mor de todol-os deputados galegos d'estonces. Pois ningún d'aquela—e abundaba con un- quixo rebelarese contr'as ordes dos xefes pra persentare o «voto particular.» Prefiriron os intreses partidistas, ós intreses da Terra.

¿O Correo Gallego do Ferrol defendere a Wais contra do ferrolán Rodrigo Sanz? Nin en Marruecos podería haber un xornal feito por rifeños somellante a isa folla escrava e noxenta.

¡Que aldraxe pra Ferrol!

«Madrid 21 de xaneiro.

Sr. Director do *Noroeste*.

A Cruña.

Meu distinto amigo: No seu, e mais nalgún outro diario da Cruña, vexo un solto «de contaduría» no que a «Reunión d'Artesanos» anunza un Instituto de Estudios Gallegos que eu teño tido o sorte e mai la satisfazón de fundare eiquí en Madrid, onde xa fai tres anos que viven e traballan.

Eu protesto da falta de respecto ó nome alleo que supón esa lixeireza. Non é dado facer eso, e ben o poden chamar d'outra maneira. Por que o nome de Estudios Gallegos que eu teño dado a miña fundazón, alcanzón a espertar no púbrico a idea d'unha obra fondeiramente galleguizante; cundizón que mesmamente lle falla a esa que se agora quer facer coma contrafigura da miña, pro sin a dita ourentazón escorreita e carauterizadora.

Con toda crianza, Sr. Director, saúdao o seu servidor e amigo.

AURELIO RIBALTA.»

O Instituto d'Estudios Galegos de Picorete finouse xa. Com'a Asambreira famosa.

En troques a «Irmandade Rexionalista Galega» cuio xefe é Rodrigo Sanz xurde e loita e traballa en tod'a nosa terra.

Trunfa a verdade. Morren as andrómenas. E non falemos mais do que non val a pena.

O que eu diría si persentara ô señor Muntañola

SEÑORES e irmans: hoxe vou honrar a nosa nova casa que millor ainda poderíamos chamar tenda de campaña, un home ilustre, un irmán de Cataluña, de todos vós conecido: É, Pedro Muntañola.

E eu dígovos que poucos coma il son merecentes d'estima agarimosa na nosa terra. D. Pedro Muntañola colaborou c'o insine Prat da Riba—aquele gran escultor da Cataluña «rica e plena»—n'un libro nomeado «Compendio da Doctrina catalanista» que saiu á lús fai 23 anos cando era un delito falar d'autonomías e cando era virtude perder colonias por non querer falar d'autonomías. (¡Cando era delito falar d'autonomías com'o sigue sendo inda hoxe pra moitos que non atoparon escarmento en cabeza propia, que non saben apreciar as leiciós que nos ven dando a guerra europea, verdadeira guerra d'emancipación de nacionalidades, que continúan a Historia d'España como aquel Conde de Romanones que s'atreveu non fai moito á dicir no Parlamento que non toleraba que se falara d'autonomías!)

Pero D. Pedro Muntañola que colaborou na obra de Prat da Riba, axudou tamén á Galicia na defensa d'un pleito no que se ventilaba un sagro e xusto dreito noso. Cando Galicia enteira co'a Cruña á cabeza púxose en pe pra impedir que ll'arrebatarea o centralismo sua Capitanía Xeneral; n'aquél tempo no que a nosa carraxe salvou desbordada as fronteiras coma fervenza asoballadora, a pluma ilustre de D. Pedro Muntañola, d'este D. Pedro Muntañola que axiña vaivos dirixil-a palabra, pòndose do noso lado por amore á xusticia, escribiu unhos artigos notabres abogando por nós, que todo cruñés e todo galego tería de conecere; artigos que inda fai pouco reproduxo *La Veu de Catalunya*.

Os amigos véñse nas ocasiós, señores; nos momentos críticos, nas horas de door; cando hai que dalo todo por xenerosidade, sin agardar o premio. E como D. Pedro Muntañola, soio xenerosidade tivo sempre pra Galicia, Cataluña, esta Cataluña que nos deu o espaldarazo da autoridade ás «Irmándas da Fala» cando eu dirixinme á ela no nome d'un feixe de rapaces anónimos, armado soio d'idealismos co'as mans limpas, mentras eiquí ríanse de nós moitos señores respetabres que hoxe sinten arelas de «yusta posición».

Fálase por algús labercos da política de que nós catalanizamos. Señores, ista é unha parvada que non merecería contesta. Os

galeguistas non nos catalanizamos; os galeguistas miramos á Europa, queremos europeizarnos, pensando coma Xaquín Costa. E com'ô mais europeo d'España é Cataluña, imitamos á Cataluña n'aquelo no que uns pobos deben d'imitare á outros. Porque Cataluña ten con Galicia somellanza d'aspiraciós políticas; porque Cataluña chegou ô conqwerimento do esprito da cidadanía, que é unha cousa d'esencia universal, por xeitos que haberán de reproducire os mais pobos d'España, si desexan europeizárense. E si esto é imitar, imitamos en boa hora, cando tamén imitan outros moitos pobos españoles, pra pôr de releve aquela paradoxa dos vividores dos vellos partidos de «grifo e vaso» que falan do separatismo d'unha Cataluña que ven sementando manánima á base d'armoñía e de xermolamento do esprito cidadán a primeira xuntanza estreita pol-a liberdade e o amore antr'as rexós, que fíxose endexamais na España.

Si esto é imitar, imitamos; entendendo que o progreso dos pobos non é mais qu'un reflexo de tales imitaciós. Pero non son os chamados á decírnolo os que se castellanizaron, os que non teñen de galegos mais que a partida de bautismo, os que se patagonizarían, incursive, con tal de siguien rubindo e trepando pol-a escada das oligarquías.

Cataluña, nosa irmán na disgracia ô longo da Historia; Cataluña que ollounos sempre con amore, ô sintirse forte quere mostrarnos axuda como nol-a mostrou cando era deble.

¿E rechazaríades ô transeunte que vos librase d'as poutas d'un xigante que vos tivera esmagados baixo de sí? Pois Cataluña que mais que un transeunte sinxelo, é unha irmán, danos a sua axuda pra librarnos do xigantesco pulpo do caciquismo, pra que nos poñamos en pe, pra que poidamos seguir logo noso camiño, aquel camiño que é *solo noso*. Os rexionalistas catalás non nos preguntaron nunca como pensábamos, si éramos dreitistas, ou esquerdistas; soio nos deron a sua axuda, que pidimos nós, cando nos viron galeguistas, que é dicire namorados da nosa terra, dispostos á loitar rexamente por ela.

E ¿esta axuda ocasional, esterna, ten algo d'inconfesable? Inconfesable, señores, é o afan dos labercos políticos que queren siguien ollando escrava á Galicia pra podere medrar eles. Inconfesable e degradado sería o xeito d'aqueles que conscente ou inconscientemente, sirven os intréses dos que perderán todo valor cando Galicia perda o vergoñoso xugo que a ten emparellada co-a

escravitude. Aqueles que eran grandes mentras nós ollábamolós axionllados. E ¡ai! dos que s'opoñan á «ocasión» da nosa libertade!

¿Non vos di nada a realidade? Inda antonte, señores, puxéronse frente a frente, com'os dcus pobos de Disraeli, as duas políticas: a vella e a nova. Foi Wais á Pontedeume e din os xornás que o recibiron alcaldes e persoalidades do distrito. Foi Rodrigo Sanz na mesma data e buscou ô pobo e faloull'o pobo. ¿Onde está a verdade? ¿Onde está a mentira? Un apóiase inútilmente no tinglado da farsa noxenta e feudal; o outro na democracia, no pobo que sofre e traballa; no pobo que quere ser libre e será libre, porque xa os tempos son chegados, como dixó Pondal.

É a hora das sinceiridades, señores; é hora de que falemos craro os que vivimos entre paredes de cristal (e nunca mais axeitada a frase que ô atoparnos n'este salón que parés simbólico.)

Eu teño, pois, que perguntar si é lícito que n'unha Sociadá recreativa ond'hai xentes de total-as opiniós, se faga política partidista, chegándose á verter conceitos aldraxantes pr'os que somos socios d'ela?

Pois o presidente d'esa sociadá que se relixeu catro veces contr'a vountade d'unha gran minoría de socios, o que demostra que non sabe que os cárregos honoríficos cando non s'otorgan por unanimidade renúncianse si hai dilicadeza e non se quer vivire con vilipendio; o presidente d'esa sociedade combate o galeguismo. E non ten dreito, porque non ten dreito a falar de nós quen nada fixo por Galicia; quen adicouse á aición política cando xubilado cucamente n'un cárrago púbrico, non corría perigo de perdel-o destiño; quen non defendeu usando e abusando da sua elocuencia mais pulmonar que xurídica, senon ôs que lle pagaban; quen non se puxo endexamais á favore do pobo e volvoreteou antano con Gasset e agora con García Prieto e Besada; que chama, señores, partidistas ôs galeguistas, ôs 15 días (histórico) d'habere ofrecido a sua candidatura ás xentes d'algús distritos d'Ourense.

Non, nin ese megalómano, nin o vello poeta desenterrado que trouxo como instrumento seu fai poucas datas á Cruña, teñen dreito a falaren. Porque ese vello poeta xa esquecido, bô literato entr'os médicos e bô médico entr'os literatos, nunca fixo nada—agas unhos versos chorós e queixumbrosos por Galicia.

E eses homes que endexamais tiveron unha verbe contr'os causantes de bárbaras traxedias que de tempo en tempo danse na nosa terra—com'os d'Osera e Nebra, por exemplo—eses homes que nunca rifaron c'os oligarcas senon que viviron baixo o agarimo d'eles, ¿no nome de qué poder falar contr'os galeguistas? No nome dos

nosos poetas, non; porque os nosos poetas divinizaron o odio, ese santo odio que caracteriza ós apóstoles de toda ideia; como demostra Gustavo Lebon na súa «Psicología do socialismo»; no nome dos precursores tampouco, que os precursores foron mais rebeldes que nós nas palabras; no nome do rexionalismo de Brañas, menos aínda, que Brañas eisixía aínda máis que nós pedimos hoxe e chamóuselle separatista e foi á elección. Soio poden falar, pois, no nome dos caciques e dos oligarcas, no nome do vello *statu quo* caciquil; no nome d'unha noventa política que lles dóu prebendas e que nós queremos enterrar e enterraremos porque se cai de podre.

Señores, dixen algo do que tiña que decirvos.

* * *

A conferencia que dóu D. Pedro Rahola no local da «Irmandade da Fala» foi eloquentísima. Non temos tempo pra recollela. Soio diremos que por incidencia falou d'uns tambores do Exército, e Picorete aproveitou o dos tambores pra faguer ruido.

OS RAPACES ANÓNIMOS

SON os que non teñen nome porque non queren telo, á pesar do seu propio valimento; son os que coidan qn' o seu ideal máis que ideal político é unha relixión de homes honrados; son os que non queren qu' as súas ideas sirvanlles de pedestal pra erguer a súa personalidade; son os que arelan formaren c' os seus corpos e seus epritos os cimentos sobr' os que a Patria Galega s' erga, outa, moi outa, hastra chegar ó ceo, de donde parece que foron arrincados os còres da nosa bandeira.

Son os que non esquecen qu' os labregos foron a Ara Santa, donde gardouse o tesouro do noso idioma, máis tampouco, que en tempos máis gloriosos pr' a nosa Terra, o único Rei sabio de España escribiu en galego súas cántigas a Nosa Dona.

Son os que levan nos ollos a visión bretemosa d'unha Galicia grande, e rica, e ceibe; e nos beizos a canción nostálxica da lingua nosa.

Serán os vencedores: por que cada un leva en sí, como dixó Cabanillas:

¡Fé cega no porvir, o nobre e santo amor á terra en que naceu no peito unha visión de brétema nos ollos y-unha copra nostálxica nos beizos!

F. A.

SARAIBAS

Vou orfño pol-o mundo pois nin país nin terra teño, qu' os país, xa se me finaron e miña terra..., ¡é d'alleo!

D'América pra Galicia arrólase o mar chorando, vendo como n ela deixa ós gallegos traballando.

Currunchiño onde eu nacín, Suevia, pelriña dos mares, cánto sofre quen te quer vivindo en alleos lares!

Xentes bastardas roubáronlle a bandeira á miña terra; antes de acollerme á d' eles xuraréi outra calquera!

S. T. SOLLOSO.

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

Cando vosté percise o SELLO YER

non pida xamais un *sello* pr' o DÔR DE CABEZA, porqu' eisí quen llo venda, fica en libertade de darlle calquer *sustituto* ou *imitazón*, razón pol-a qu' en moitos casos non daránlle o único e lexítimo SELLO YER, e sí outro calquera, cuíos efectos seran sin valore, e non donaránlle o alivio que percisa.

Pida, eisixa vosté sempre o

SELLO YER

que cura coma non hai porparado qu' o asomelle o DÔR DE CABEZA, DÔRES REUMATICOS, GRIPPE, DÔR DE MOAS E DE OUVIDOS e toda cras de dôres nerviosos.

Caixa co-un sello, soio costa 30 CÉNTIMOS.

Caixa co-unha ducia de sellos, 3 PESETAS.

DE VENDA EN TODAL-AS FARMACIAS E DROGUERÍAS

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotografado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS
FOTOGRAFADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra
asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as librerías e na administración d' A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

BALDOMIR

Pôrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles produtos, empregade o

SULFATO DE COBRE

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92, e Canalejas, 77

FERROL**H. LA PALOMA****Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Ponte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrearía de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR RISTAL

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

Farmacia da Silva

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva - A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

VALLE DE MONTERREY - Ourense

véndense no Rego d'Auga, 44

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.^a EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira â Habana	Ptas. 298'60
» » Veracrús.	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda elás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.